

DE PUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 22 de FEBREIRO DE 2002**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que se celebrará o vindeiro venres, día 22 de febreiro de 2002, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 1/02, do 31 de xaneiro.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 300 deica á nº 999, do ano 2002.

Economía, Facenda e Especial de Contas

- 3.-Dar conta da liquidación do presuposto do exercicio 2001.

Vías e Obras

- 4.-Aprobación do Plan de vías provinciais 2002 (1ª Fase).
- 5.-Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación para a execución das obras comprendidas no proxecto E.P. 0301 ampliación e mellora do trazado de Parada a Congosto pasando por Ponte Aranga PK. 8,300 ó 11,570 (código 01.1110.0006.0).

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

- 6.-Aprobación do proxecto de finalización da obra “Pavillón polideportivo en Cruceiro de Roo”, do concello de Outes, incluído na terceira fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes. (Código 98.3420.0060.0).

Cooperación e Asistencia a Municipios

- 7.-Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local anualidade 2002.
- 8.-Rectificación da distribución interna da financiación das obras incluídas no POL adicional 2/2001.
- 9.-Aprobación da anualidade 2002 do Programa Operativo local 2000-2006, e do seu Plan complementario.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 22 DE FEBREIRO DE 2002.

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 22 de febreiro de 2002, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DOÑA PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSÉ ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ.-GARCÉS SANTISO	PSOE
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON MANUEL MIRÁS FRANQUEIRA	PSOE
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON FRANCISO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE

DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG

Non asisten os Sres. López Sueiro e Pose Miñones.

Acúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, D. Jesús Loscos Puig.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 1/02, DO 31 DE XANEIRO.

Apróbase a acta da sesión anterior nº 1/02, do 31 de xaneiro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 300 DEICA Á Nº 999, DO ANO 2002.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 300 deica á nº 999, do ano 2002.

3.-DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DO EXERCICIO 2001.

Dase conta ó Pleno da liquidación do orzamento correspondente ó exercicio 2001.

4.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2002 (1ª FASE).

INTERVENCIONS

Sra. Candocia Pita

Era só para anunciar a abstención do grupo provincial do BNG neste punto, baseándonos no que xa sempre dixemos sobre este respecto, porque sería reiterativo ¿non?

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“A) Aprobar o Plan de vías provinciais de 2002 integrado polos proxectos (antes incluídos no Plan 2000 estradas) que a seguir se relacionan e considerar os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 1.752.304,64 euros, con cargo á partida 0401/511B/601.03:

DENOMINACION	ORZAMENTO TOTAL
AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO TRAMO P.K. 6,10 Ó P.K. 9,600 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ	500.432,70
AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO TRAMO P.K. 9,600 Ó P.K. 13,100 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ	443.513,35
AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO TRAMO P.K. 13,100 Ó P.K. 16,500 DA E.P. 1105 DE NOIA A CABO DE CRUZ	355.575,09
AMPLIACION E MELLORA DE TRAZADO DA E.P. 7804 DO P.K. 0+000 Ó 2+400	452.783,50
TOTAL.....	1.752.304,64

B) Expoñer ó público os proxectos mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se producisen, consideraranse definitivamente aprobados.”

5.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS COMPRENDIDAS NO PROXECTO E.P. 0301 AMPLIACIÓN E MELLORA DO TRAZADO DE PARADA A CONGOSTO PASANDO POR PONTE ARANGA PK. 8,300 Ó 11,570 (CÓDIGO 01.1110.0006.0).

Por unanimidade, préstase aprobación ó seguinte dictame da comisión:

“1º.-Dar por rematada a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas segue para a execución das obras

incluídas no proxecto Ampliación e mellora do trazado na E.P. 0301 de Parada a Congosto por Ponte Aranga, Pk 8,300 ó 11,570 (código 01.111.0.0006.0).

2º.-Rexeitar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por formular cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio.

3º.-Ratificar a solicitude de declaración de “urxente expropiación” á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tal como a existencia de curvas perigosas con pequeno raio con edificacións e vivendas pegadas á estrada, o estado do pavimento da estrada, o ancho da calzada de dimensións inferiores ás necesidades dos vehículos, a intensidade media do tráfico, etc.; co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

6.-APROBACIÓN DO PROXECTO DE FINALIZACIÓN DA OBRA “PAVILLÓN POLIDEPORTIVO EN CRUCEIRO DE ROO”, DO CONCELLO DE OUTES, INCLUÍDO NA TERCEIRA FASE DA ANUALIDADE 1998 DO PLAN 2000 DEPORTES. (CÓDIGO 98.3420.0060.0).

INTERVENCIÓNS

Sr. Rodríguez Doval

Simplemente para concretar a nosa posición de abstención, que vén dada, naturalmente, por algo que xa comentamos no seu momento, é certo que desaparecieron os reformados dos plenos desta deputación, polo menos algúns, pero ben, neste caso estamos diante dun reformado práctico, como se pode ver hai un incremento substancial do orzamento desta obra, e polo tanto a nosa posición vai ser, como noutras ocasións en casos similares, de abstención. Máis nada.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistas as resolucións de presidencia núm. 104 do 10.01.2002, e núm. 561 do 28.01.2002 da Deputación, polas que se procedeu á resolución do contrato de execución da obra denominada “Pavillón polideportivo Cruceiro de Roo” do concello de Outes, co código 98.3420.0060.0/99.3420.0060.0, incluída na 3ª fase da anualidade 1998 do Plan 2000 deportes.

Visto o proxecto de terminación redactado polo Servicio Provincial de Arquitectura onde se inclúe un incremento en relación coas unidades de obra pendentes de executar do proxecto inicial.

1.-Aprobar por un importe total de 242.492,25 euros sobre o orzamento de contrata, o proxecto de finalización da obra “Pavillón polideportivo Cruceiro de Roo” do Concello de Outes, co código 99.33420.0060.4.

Aprobar, así mesmo, a modificación do financiamento por razón de incremento experimentado no orzamento do proxecto de finalización da obra que ascende a 111.369,78 euros sobre contrata.

Este incremento financiarao integramente a Deputación.

Con iso, os datos de financiamento da obra, ofrecen o seguinte resumo:

Proxecto de terminación (Código 99.3420.0060.4)		
Achegas	Orzamento de contrata	Incremento (Novo - Pdte. do inicial)
Deputación F.P.	242.492,25	111.369,78
Total....	242.492,25	111.369,78

Someter este expediente a exposición pública por prazo de 10 días mediante anuncio que se ha insertar no Boletín Oficial da Provincia co obxecto de que se formulen as alegacións que se estimen oportunas, así como remitilo no mesmo prazo para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local.

No caso de non se presentar alegacións ou reclamacións contra del, entenderase definitivamente aprobado.”

7.-APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL ANUALIDADE 2002.

INTERVENCIONES

Sra. Candocia Pita

Era tamén para anunciar a abstención do BNG neste punto.

Sr. Fernández Moreda

Para anunciar o voto favorable do grupo socialista ó punto nº 7, diremos que estamos satisfeitos coa decisión que tomou a corporación de devolverllos ós concellos a capacidade para a xestión das obras do Plan de obras e servicios, e apuntar como unha posible liña de traballo, se o consideran, para reflexión, unha liña de traballo non para decidir inmediatamente, quizais unha revisión dos criterios de distribución do POS, dado que eses xa teñen máis de dez anos de vixencia, e quizais sería bo reflexionar se debemos de manter estes criterios ou é bo revisalos. Simplemente o apunto como unha posible liña de actuación para ver se estes criterios, que aprobamos conxuntamente todos, e que compartimos, e que non cuestionamos, non son os máis adecuados hoxe á realidade da provincia despois de dez anos de facer plans con esta distribución.

Sr. Varela Rey

Unicamente para lle manifestar ó voceiro do grupo socialista que se hai algo pensado sobre o particular, se podemos empezar a ver algún tipo de actuación, nosoutros sempre estamos abertos a ese tipo de acordos, e loxicamente os tempos cambian, mesmo a situación de determinados concellos, e ás veces é conveniente dar un repaso a cal é a situación, ou cales son os parámetros que nosoutros confiamos e os coeficientes. Polo tanto, ben, sempre estamos abertos a esa posibilidade. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 24 deputados (15 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os acordos plenarios desta Deputación con data 29 de outubro de 1999 relativos á integración das anualidades 2000 e 2001 do Plan 2000 de infraestructuras no Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e da rede viaria local, e o acordo con data do 30 de novembro de 1999 tocante á modificación da programación plurianual do Plan 2000 infraestructuras, anualidades 2000 e 2001 para engadir unha anualidade máis ata o ano 2002 de forma que os investimentos previstos nas anualidades 2000 e 2001 se executen nos anos 2000, 2001 e 2002; vistos os proxectos e demais documentación relativos á anualidade 2002 do plan que máis abaixo se indica solicitados e remitidos polos respectivos concellos no marco da circular de asignación de fondos que lles foi remitida en setembro de 2001. Vistos os proxectos e demais documentación das obras que se van incluír na RVL.

E tendo en conta o establecido no R.D. 1328/97, de 1 de agosto, desenvolvido por orde do 7 de maio de 1998:

1.- Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servicios de competencia municipal e da Rede viaria local do ano 2002, co resumo de cifras globais das seccións de POS e RVL que se indica a seguir e do que a relación de obras figura nos anexos 1 e 2 a este acordo.

POS + RVL 2002								
FINANCIAMENTO DO PLAN ELABORADO								
SECCIÓN	ADMÓN. CONTRATANTE	PARTIDA	CONSIGNACIÓN PARTIDA	MAP	DEP.-F. PROPIOS	TOTAL ORZAMENTARIO	CONCELLO	TOTAL
POS	Concello	0501 / 911A / 76240	18.401.870	3.327.683,82	15.073.563,98	18.401.247,8	1.809.116,7	20.210.364,5
RVL	Deputación	0501 / 511B / 60144	1.823.294,34	601.012,1	1.222.282,24	1.823.294,34	0	1.823.294,34
TOTALS				3.928.695,92	16.295.846,22	20.224.542,14	1.809.116,7	22.033.658,84

2.- Aprobar o Plan complementario ó presente Plan, no que se inclúen as obras que se relacionan no anexo 3 e 4 a este acordo. Estas obras teñen carácter de supletorias e financiaranse con cargo ós remanentes que se puideran orixinar polas anulacións de proxectos ou baixas de licitación, así como polos suplementos de crédito que se poden aprobar, de forma que queden condicionados a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

3.- Aprobar os correspondentes proxectos.

4.- A contratación das novas obras solicitadas polos concellos para a súa inclusión no POS 2002 realizarana os respectivos concellos.

A contratación realizarana consonte coas seguintes instrucións:

1.- As obras e subministracións contrataranas os respectivos concellos utilizando os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados expresamente pola deputación. O concello deberá cubrir en cada expediente o correspondente cadro de características do contrato.

2.- As obras adxudicaranse mediante poxa, ou concurso con procedemento aberto. Tamén poderán adxudicarse mediante procedemento negociado nos supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas. Excepcionalmente, as obras poderán ser executadas pola propia Administración consonte co establecido nos artg.. 152 - 153 da Lei de contratos das Administracións públicas.

No caso de concurso, o plego tipo de cláusulas administrativas particulares de adxudicación de obras contén os criterios xerais para adxudicación, da que o desenvolvemento e aplicación práctica poderá ser realizado polo concello, xuntándose ó prego e prestando aprobación e publicación o concello. En caso de non facelo, será aplicable o baremo establecido para as obras da deputación.

3.- As subministracións adxudicaranse mediante concurso con procedemento aberto. Tamén poderán adxudicarse mediante poxa con procedemento aberto ou procedemento negociado ós supostos e cos requisitos establecidos na Lei de contratos das Administracións públicas.

4.- A dirección e execución das obras realizaraa o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

5.- As modificacións dos contratos serán realizadas polo concello conforme ó establecido na Lei de contratos das Administracións públicas. En todo caso requirirá a redacción dun proxecto reformado que será aprobado polo concello e posteriormente pola deputación.

6.- Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de calquera outro concepto, deberá ser financiado integramente polo concello correspondente.

A contratación das obras incluídas na sección de RVL realizara a deputación.

5.- Dispor a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no B.O.P. para os efectos de que durante o prazo de dez días se poidan presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

6.- Remitir o expediente a informe do subdelegado de Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

7.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

8.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido informe favorable no prazo de 10 días desde a recepción da súa solicitude.

9.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentaran reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o plan”.

POS - RVL 2002

Expediente de aprobación del Plan de cooperación a las obras y servicios de competencia municipal y red viaria local (POS - RVL 2002)

ANEXO I : OBRAS Y SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2002)

CONCELLO	Código de obra	DENOMINACION	ESTADO	DIPUTAC.	AYTO.	TOTAL
01 ABEGONDO	02.2100.0001.0.	ACR. MARCES Y BELDO/A	6.451,00	30.433,08	2.305,70	39.189,78
	02.2100.0002.0.	CM. VIONES-CULLERGONDO Y O	9.578,00	45.190,65	3.423,70	58.192,35
	02.2100.0003.0.	ACR. FIGUEROA Y COS	7.825,00	36.919,37	2.797,06	47.541,43
	02.2100.0004.0.	CENTRO SOCIAL MONTOUTO	8.902,00	41.997,32	3.181,82	54.081,14
	02.2100.0005.0.	CENTRO SOCIAL VIONES	8.898,00	41.977,01	3.180,29	54.055,30
		TOTAL	41.654,00	196.517,43	14.888,57	253.060,00
02 AMES	02.2100.0006.0.	SAN. ABAST. ZONA TARROEIRA	6.483,00	29.253,80	3.646,88	39.383,68
	02.2100.0007.0.	SAN. CASTELO Y O.	6.833,00	30.823,13	3.856,66	41.512,79
	02.2100.0008.0.	SAN. PEGARIOS	9.262,00	41.779,65	5.226,79	56.268,44
	02.2100.0009.0.	SAN. LAMAS Y VILAR	9.230,00	41.634,87	5.208,75	56.073,62
	02.2100.0010.0.	SAN. SEAREZ ARRIBA 2-F	4.348,00	19.613,56	2.454,90	26.416,46
	02.2100.0011.0.	AMPL. SAN. Y AB. VENTOSA	6.416,00	28.939,53	3.621,17	38.976,70
		TOTAL	42.572,00	192.044,54	24.015,15	258.631,69
03 ARANGA	02.2100.0012.0.	PAV. C/MUNIFERRAL Y CAMBAS	7.880,00	37.601,16	2.393,75	47.874,91
	02.2100.0013.0.	PAV. C/ EN ARANGA	8.459,00	40.361,19	2.569,48	51.389,67
	02.2100.0014.0.	PAV. C/ VILLARRASO	7.189,00	34.300,83	2.183,68	43.673,51
	02.2100.0015.0.	PAV. C/ FEAS	8.910,00	42.513,15	2.706,48	54.129,63
	02.2100.0016.0.	PAV. C/ FERVENZAS	4.326,00	20.639,66	1.313,98	26.279,64
	02.2100.0017.0.	ABAST. AGUA CAMBAS-VILLARRASO	6.729,00	32.110,56	2.044,19	40.883,75
		TOTAL	43.493,00	207.526,55	13.211,56	264.231,11
04 ARES	02.2100.0018.0.	SAN. CERVAS 1-F	15.100,00	62.610,00	14.030,51	91.740,51
	02.2100.0019.0.	ENSANCHE Y MEJ. CM. C/XOBRE	8.882,00	38.347,58	6.732,53	53.962,11
		TOTAL	23.982,00	100.957,58	20.763,04	145.702,62
05 ARTEIXO	02.2100.0020.0.	AL. PUBL. AC-410 5 PINO-ARIAS H. 1-F	8.526,00	40.683,87	2.589,99	51.799,86
	02.2100.0021.0.	AL. PUBL. AC-552 LANAS-ANIDE	12.593,00	60.086,33	3.825,23	76.504,56
		TOTAL	21.119,00	100.770,20	6.415,22	128.304,42
06 ARZUA	02.2100.0022.0.	PAV. CM. VILAR Y OTRO	5.111,00	24.386,26	1.552,49	31.049,75
		TOTAL	5.111,00	24.386,26	1.552,49	31.049,75
07 BAÑA, A	02.2100.0023.0.	PUESTE EN RIO DE A BAÑA	12.361,00	58.978,97	3.754,74	75.094,71
	02.2100.0024.0.	SAN. PAV. LUGAR DE TRECE 1-F	9.784,00	46.686,14	2.972,11	59.442,25
	02.2100.0025.0.	SAN. PAV. CASTRO Y CABANAS 1-F	6.738,00	32.153,25	2.046,91	40.938,16
	02.2100.0026.0.	SAN. PAV. VALI/A, LA/AS	8.764,00	41.817,77	2.662,20	53.243,97
	02.2100.0027.0.	PAV. V.P. ARZON, EMES Y O.	9.036,00	43.113,27	2.744,70	54.893,97
		TOTAL	46.683,00	222.749,40	14.180,66	283.613,06
08 BERGONDO	02.2100.0028.0.	ACR. DOT. SERV. CR.MORUXO-N-VI	28.797,00	66.573,40	79.583,20	174.953,60
		TOTAL	28.797,00	66.573,40	79.583,20	174.953,60
09 BETANZOS	02.2100.0029.0.	INST. DEP. XUNCALI/O Y PISCINA	6.076,00	27.114,15	3.724,32	36.914,47
	02.2100.0030.0.	SUM. MEJ. AL. PUB. C/TRAVIESA Y O.	3.978,00	17.752,45	2.438,39	24.168,84
	02.2100.0031.0.	INST. DEP. XAN ROZO	4.981,00	22.227,80	3.053,15	30.261,95
	02.2100.0032.0.	SAN. PIADELA 1-F	4.897,00	21.850,27	3.001,45	29.748,72
	02.2100.0033.0.	ACR. SEG. VIAL TOURI/AO Y O.	4.813,00	21.479,22	2.950,46	29.242,68
	02.2100.0034.0.	PAV. V.P. S. MARTIÑO TIOBRE Y O.	6.066,00	27.067,80	3.717,99	36.851,79
		TOTAL	30.811,00	137.491,69	18.885,76	187.188,45
10 BOIMORTO	02.2100.0035.0.	PAV. CM. ORROS-GANDARON	8.230,00	29.558,52	12.208,55	49.997,07
	02.2100.0036.0.	PAV. ACC. CORNEDA-RODIEIROS	7.950,00	28.553,12	11.793,26	48.296,38
	02.2100.0037.0.	CONSTR. ACR. CORREDOIRAS	4.783,00	17.181,77	7.096,28	29.061,05
		TOTAL	20.963,00	75.293,41	31.098,09	127.354,50
11 BOIRO	02.2100.0038.0.	ACR. ABANQ. TR. EGIPTO-IGLESIA	15.905,00	72.089,90	8.634,67	96.629,57
	02.2100.0039.0.	ACR. ABANQ.TR. IGLESIA-FIEITIEIRA	17.312,00	78.464,63	9.398,26	105.174,89
		TOTAL	33.217,00	150.554,53	18.032,93	201.804,46

12 BOQUEIXON	02.2100.0040.0.	INTERIOR EN CASTENDA Y O.	4.090,00	19.514,72	1.242,35	24.847,07
	02.2100.0041.0.	CM. DONAS LIMITE DE CALDELAS Y O.	4.194,00	20.014,11	1.274,11	25.482,22
	02.2100.0042.0.	PAV. ACCESO ESCUELA CODESO Y O.	4.016,00	19.163,16	1.219,96	24.399,12
	02.2100.0043.0.	PAV. CM. IGLESIA SERGUDE Y O.	7.855,00	37.481,21	2.386,12	47.722,33
	02.2100.0044.0.	ACERAS VILAR	4.887,00	23.318,24	1.484,49	29.689,73
	02.2100.0045.0.	PLAZA PUBLICA SAN VICENTE	7.553,00	36.038,66	2.294,30	45.885,96
	TOTAL		32.595,00	155.530,10	9.901,33	198.026,43
13 BRION	02.2100.0046.0.	AL. PUBL. PEDROUZOS AC 451	18.047,00	69.113,05	22.482,79	109.642,84
	02.2100.0047.0.	URBZ. BASTAUALES	17.831,00	68.282,69	22.212,97	108.326,66
	TOTAL		35.878,00	137.395,74	44.695,76	217.969,50
14 CABANA	02.2100.0048.0.	PAV. ACR. PLZ. CANDUAS	8.524,00	40.164,91	3.097,46	51.786,37
	02.2100.0049.0.	PAV. CR. CORCOESTO, SILVARRED...	8.038,00	37.872,84	2.920,73	48.831,57
	02.2100.0050.0.	MEJ. CR. CESULLAS, BORNEIRO...	7.147,00	33.674,95	2.596,99	43.418,94
	02.2100.0051.0.	ACR. PLAZA NEA/O	7.885,00	37.152,23	2.865,15	47.902,38
	02.2100.0052.0.	MEJ. CR. HERMIDA-ANOS	5.262,00	24.796,47	1.912,24	31.970,71
	TOTAL		36.856,00	173.661,40	13.392,57	223.909,97
15 CABANAS	02.2100.0053.0.	AL. PUBL. CAMINO DA CRUZ	5.054,00	24.113,54	1.535,14	30.702,68
	02.2100.0054.0.	ACD. ACC. NUCL. XAVARIZ Y O.	4.091,00	19.521,97	1.242,79	24.855,76
	02.2100.0055.0.	ACC. NUCLEO PEREIRO 1-F	3.957,00	18.881,47	1.202,03	24.040,50
	02.2100.0056.0.	ACC. NUCLEOS IGRESARIO Y O.	5.192,00	24.776,81	1.577,31	31.546,12
	02.2100.0057.0.	SAN. MG. IZDA. AC-141 2-F	7.304,00	34.849,66	2.218,61	44.372,27
	02.2100.0058.0.	SAN. CHAO DA ALDEA	5.115,00	24.409,15	1.553,90	31.078,05
	TOTAL		30.713,00	146.552,60	9.329,78	186.595,38
16 CAMARIÑAS	02.2100.0059.0.	ACD. PQ.INFANTIL	4.023,00	9.967,73	10.451,96	24.442,69
	02.2100.0060.0.	PAV. C/ PIZARRO	7.146,00	17.703,56	18.564,21	43.413,77
	02.2100.0061.0.	ACR. CR AC-432 VIMIANZO-CAMAR.	9.013,00	22.329,35	23.414,73	54.757,08
	02.2100.0062.0.	PAV. C/ CORRAL CASTRO	5.399,00	13.374,34	14.024,88	32.798,22
	02.2100.0063.0.	PAV. C/ABAIXO	6.620,00	16.399,38	17.196,95	40.216,33
	TOTAL		32.201,00	79.774,36	83.652,73	195.628,09
17 CAMBRE	02.2100.0064.0.	SUST. RED AB. ESTORRENTADA Y O.	16.799,00	79.708,94	5.549,17	102.057,11
	02.2100.0065.0.	SUST. RED AB. VOLTA CARROZAS	9.844,00	46.712,60	3.251,99	59.808,59
	TOTAL		26.643,00	126.421,54	8.801,16	161.865,70
18 CAPELA, A	02.2100.0066.0.	SAN. VILASUSO PVEIRO-OUTEIRO	18.379,00	87.696,99	5.582,95	111.658,94
	02.2100.0067.0.	SAN. A BOUZA-A CHABOLA 1-F	6.510,00	31.064,01	1.977,58	39.551,59
	TOTAL		24.889,00	118.761,00	7.560,53	151.210,53
19 CARBALLO	02.2100.0068.0.	AF.MEJ. CM. A LAGOA	5.408,00	25.803,51	1.642,71	32.854,22
	02.2100.0069.0.	AF. MEJ. CM. ALDEMUNDE-BERTOAL.	8.363,00	39.904,03	2.540,37	50.807,40
	02.2100.0070.0.	AF. MEJ. CM. CANCES	9.056,00	43.212,32	2.750,96	55.019,28
	02.2100.0071.0.	AF. MEJ. CM. LEMA-RAZO	9.335,00	44.541,31	2.835,60	56.711,91
	02.2100.0072.0.	AF. MEJ. CM. SOFAN-RUS	5.840,00	27.867,61	1.774,09	35.481,70
	02.2100.0073.0.	MEJ. CM. AS AREAS-SAMBADE	13.818,00	65.930,96	4.197,31	83.946,27
	02.2100.0074.0.	MEJ. CM. SOFAN-VERDILLO	8.310,00	39.652,68	2.524,35	50.487,03
	02.2100.0075.0.	MEJ. CM. BERTOAL-CARBALLO-OZA	8.303,00	39.619,75	2.522,25	50.445,00
	02.2100.0076.0.	PAV. CM. LEMA Y OZA	8.080,00	38.552,20	2.454,33	49.086,53
	02.2100.0077.0.	ASIENTOS-GRADAS POLDVO. VERDILLO	3.957,00	18.882,00	1.202,05	24.041,05
	02.2100.0078.0.	2-F SE/ALIZ. (GOIANS, LEMA Y O.)	4.906,00	23.153,56	1.748,18	29.807,74
	TOTAL		85.376,00	407.119,93	26.192,20	518.688,13
20 CARNOTA	02.2100.0079.0.	PAV. PLAZA LARI/O	4.998,00	23.846,23	1.518,12	30.362,35
	02.2100.0080.0.	PAV. ACCESOS MI/ARZO-LIRA	3.959,00	18.888,50	1.202,50	24.050,00
	02.2100.0081.0.	SAN. Y ACERAS PAUS-SOFAN	5.733,00	27.356,07	1.741,53	34.830,60
	02.2100.0082.0.	PAV. ACC. AREIRO-MACEIRAS	3.957,00	18.882,04	1.202,05	24.041,09
	02.2100.0083.0.	SAN. ACR. PEDRAFIGUEIRA	4.813,00	22.964,06	1.461,95	29.239,01
TOTAL		23.460,00	111.936,90	7.126,15	142.523,05	

21 CARRAL	02.2100.0084.0.	COLECT. TABEAIO-SERGUDE 3-F	5.020,00	23.938,18	1.537,85	30.496,03
	02.2100.0085.0.	COLECT. EDAR OS CAPELOS	6.641,00	31.669,85	2.034,54	40.345,39
	02.2100.0086.0.	ABAST. AGUA VILAMOURO	3.981,00	18.982,81	1.219,52	24.183,33
	02.2100.0087.0.	ASF. VEIRA Y PALEO	5.312,00	25.333,97	1.627,48	32.273,45
		TOTAL	20.954,00	99.924,81	6.419,39	127.298,20
22 CEDEIRA	02.2100.0088.0.	INST. MARQUESINA EN C-646	6.555,00	31.277,02	1.991,16	39.823,18
	02.2100.0089.0.	ACD. CM. SISALDE Y O.	10.444,00	49.835,37	3.172,60	63.451,97
	02.2100.0090.0.	ACONDICIONAMIENTO A CALEXA	4.135,00	19.730,19	1.256,06	25.121,25
	02.2100.0091.0.	PAV. CALLES EN CEDEIRA 2-F	10.542,00	50.299,53	3.202,19	64.043,72
	02.2100.0092.0.	INST. AL. PUBL. SARANDOS	3.957,00	15.977,57	4.105,92	24.040,49
	TOTAL	35.633,00	167.119,68	13.727,93	216.480,61	
24 CERCEDA	02.2100.0093.0.	PAV. CM. ATRIO-MIXON Y O.	12.738,00	60.779,00	3.869,32	77.386,32
	02.2100.0094.0.	AF. CM. PONTE RENFE-M. LONDO/O	4.237,00	20.218,10	1.287,11	25.742,21
	02.2100.0095.0.	ASEOS PARQUE PUBLICO	8.097,00	38.638,07	2.459,74	49.194,81
	02.2100.0096.0.	RED. SAN. TABLILLA	8.942,00	42.669,88	2.716,41	54.328,29
	02.2100.0097.0.	RED. SAN. XESTEDA	5.156,00	24.603,41	1.566,28	31.325,69
	02.2100.0098.0.	RED. SAN. ALGA	4.301,00	20.520,00	1.306,37	26.127,37
	TOTAL	43.471,00	207.428,46	13.205,23	264.104,69	
25 CERDIDO	02.2100.0099.0.	SAN. A BANQUEIRA	9.875,00	47.120,47	2.999,76	59.995,23
	02.2100.0100.0.	SAN. CERDIDO	9.874,00	47.117,29	2.999,54	59.990,83
	02.2100.0101.0.	CM. AGRESTE-LIMITE MOECHE Y O.	6.628,00	31.627,94	2.013,48	40.269,42
		TOTAL	26.377,00	125.865,70	8.012,78	160.255,48
26 CESURAS	02.2100.0102.0.	PAV. CM. TRASANQUELOS Y O.	8.069,00	38.501,00	2.451,05	49.021,05
	02.2100.0103.0.	PAV. CM. BORRIFANS-BRAGAD Y O.	9.562,00	45.625,56	2.904,61	58.092,17
	02.2100.0104.0.	PAV. CM. PADERNE-MANDAYO Y O.	7.030,00	33.542,97	2.135,42	42.708,39
	02.2100.0105.0.	REH. LOCAL SOCIAL DORDAVO	7.495,00	35.750,39	2.286,67	45.532,06
		TOTAL	32.156,00	153.419,92	9.777,75	195.353,67
27 COIROS	02.2100.0106.0.	PQ. SANTIAGO DE OIS	13.886,00	66.187,84	4.286,02	84.359,86
	02.2100.0107.0.	AL. PUBL. COIROS	9.892,00	47.153,56	3.053,46	60.099,02
		TOTAL	23.778,00	113.341,40	7.339,48	144.458,88
28 CORCUBIÓN	02.2100.0108.0.	PQ. CAMPO ROLLO Y ENTORNO	15.118,00	72.137,71	4.592,41	91.848,12
	02.2100.0109.0.	REST. PLZ. FCO. SANCHEZ	5.842,00	27.876,31	1.774,65	35.492,96
	02.2100.0110.0.	ACR. C/ ANTONIO PORRUA	6.409,00	29.388,97	3.136,85	38.934,82
	TOTAL	27.369,00	129.402,99	9.503,91	166.275,90	
29 CORISTANCO	02.2100.0111.0.	RED SAN. PQ. VALENCIA	4.721,00	22.524,59	1.433,98	28.679,57
	02.2100.0112.0.	AF. MEJ. CM. AGUALADA Y O.	8.759,00	41.795,69	2.660,77	53.215,46
	02.2100.0113.0.	MEJ. CM. SAN PAIO, SEAVIA Y O.	7.469,00	35.639,67	2.268,88	45.377,55
	02.2100.0114.0.	MEJ. CM. RECECINDE	7.030,00	33.543,88	2.135,47	42.709,35
	02.2100.0115.0.	SAN. AGUALADA, CEREO Y O.	7.578,00	36.159,23	2.301,96	46.039,19
	02.2100.0116.0.	ACERAS EN XAVIA	8.437,00	40.258,40	2.562,92	51.258,32
	02.2100.0117.0.	ABAST. CASTRO, COUSO Y O.	7.944,00	37.906,70	2.413,19	48.263,89
	TOTAL	51.938,00	247.828,16	15.777,17	315.543,33	
30 CORUÑA, A	02.2100.0118.0.	URBZ. C/LUGAR DE LA CABANA	19.898,00	36.228,58	64.760,57	120.887,15
		TOTAL	19.898,00	36.228,58	64.760,57	120.887,15
31 CULLEREDO	02.2100.0119.0.	COLECTOR SAN. ORRO	7.359,00	32.641,00	4.708,80	44.708,80
	02.2100.0120.0.	PAV. CM. RUMBO A IGLESIA	7.294,00	28.706,00	8.316,06	44.316,06
	02.2100.0121.0.	PAV. CM. CABANA Y BOEDO	6.461,00	23.539,00	9.250,96	39.250,96
	02.2100.0122.0.	PAV. CM. ACC. HERMIDA TERNANDE	14.173,00	55.282,92	16.651,44	86.107,36
	02.2100.0123.0.	PAV. CM. LAMELAS	7.981,00	38.080,42	2.424,29	48.485,71
	TOTAL	43.268,00	178.249,34	41.351,55	262.868,89	
32 CURTIS	02.2100.0124.0.	URBZ. AVDA. GENERALISIMO 3-F	6.951,00	33.160,63	2.115,69	42.227,32
	02.2100.0125.0.	ILUMINACIÓN AVDA. CALVO SOTELO	4.037,00	19.263,72	1.226,35	24.527,07
	02.2100.0126.0.	PAV. PISTAS Y CANALIZ. DE SAN.	9.891,00	47.192,73	3.004,41	60.088,14
	02.2100.0127.0.	MOBILIARIO URBANO EN TEIXEIRO	7.387,00	35.250,33	2.244,07	48.881,40
		TOTAL	28.266,00	134.867,41	8.590,52	171.723,93

33 DODRO	02.2100.0128.0.	PAV. CM. MARQUESI/A-MANSELLE	7.749,00	36.975,00	2.353,90	47.077,90
	02.2100.0129.0.	PAV. CM. CRUCEIRO DA VEIGA Y O.	7.056,00	33.667,67	2.143,35	42.867,02
	02.2100.0130.0.	PAV. CM. LESTROVE Y O.	7.039,00	33.589,89	2.138,36	42.767,25
		TOTAL	21.844,00	104.232,56	6.635,61	132.712,17
34 DUMBRIA	02.2100.0131.0.	PAV. ACC. OLVEIRA	8.556,00	40.827,50	2.599,13	51.982,63
	02.2100.0132.0.	PAV. ACC. BUXANTES	5.750,00	27.434,68	1.746,56	34.931,24
	02.2100.0133.0.	PAV. ACC. BERDEOGAS-DUMBRIA	5.445,00	25.981,43	1.654,02	33.080,45
	02.2100.0134.0.	PAV. C/ INT. Y RAMAL EZARO	6.918,00	33.011,96	2.101,58	42.031,54
		TOTAL	26.669,00	127.255,57	8.101,29	162.025,86
35 FENE	02.2100.0135.0.	ABAST. AGUA SARTEGO	20.199,00	96.378,05	6.135,63	122.712,68
	02.2100.0136.0.	ABAST. AGUA S. VALENTIN 2-F	8.150,00	38.888,87	2.475,73	49.514,60
		TOTAL	28.349,00	135.266,92	8.611,36	172.227,28
36 FERROL	02.2100.0137.0.	AB. AGUA Z. RURAL 15-F	12.206,00	15.140,92	46.809,10	74.156,02
	02.2100.0138.0.	AL. PUBL. VILASANCHE Y O.	4.438,00	5.505,64	17.020,30	26.963,94
	02.2100.0139.0.	AL. PUBL. COVAS, S. XURXO Y O.	3.995,00	4.955,68	15.320,66	24.271,34
	02.2100.0140.0.	INST. PAPELERAS	5.441,00	6.749,12	20.865,54	33.055,66
		TOTAL	26.080,00	32.351,36	100.015,60	158.446,96
37 FISTERRA	02.2100.0141.0.	PAV. SAN. Y AGUA C/ARA SOLIS Y O.	26.255,00	125.275,99	7.975,32	159.506,31
		TOTAL	26.255,00	125.275,99	7.975,32	159.506,31
38 FRADES	02.2100.0142.0.	AL. PUBL. GAFOI, CELTIGOS Y O.	6.677,00	31.858,81	2.028,21	40.564,02
	02.2100.0143.0.	PISTAS EN GALEGO, VITRE Y O.	4.465,00	21.306,31	1.356,38	27.127,69
	02.2100.0144.0.	ACC. QUINTA Y PUMARI/O	7.774,00	37.091,33	2.361,33	47.226,66
	02.2100.0145.0.	ACC. CUBELO, VILAR Y RIBADAS	5.201,00	24.819,76	1.580,04	31.600,80
	02.2100.0146.0.	ACC. A ALAMPARTE	5.331,00	25.440,01	1.619,53	32.390,54
	02.2100.0147.0.	ACC. PE/ASCO, MARIS Y O.	5.315,00	25.358,42	1.614,39	32.287,81
	02.2100.0148.0.	ACC. GANDARA, BARREIRO Y O.	5.098,00	24.325,33	1.548,60	30.971,93
	02.2100.0149.0.	ACC. MOAR Y O.	6.773,00	32.315,93	2.057,31	41.146,24
		TOTAL	46.634,00	222.515,90	14.165,79	283.315,69
39 IRIXOA	02.2100.0150.0.	LOCAL SOCIAL DE CHURIO	6.232,00	29.738,57	1.893,19	37.863,76
	02.2100.0151.0.	PAV. PRRQ. IRIXOA Y CORUXOU	6.041,00	28.826,96	1.835,16	36.703,12
	02.2100.0152.0.	PAV.PRRQ. DE MANTARAS Y VERINES	6.364,00	30.366,99	1.933,21	38.664,20
	02.2100.0153.0.	PAV. PRRQ. DE CHURIO Y AMBROA	7.099,00	33.871,40	2.156,34	43.126,74
	02.2100.0154.0.	PAV.AMBROA (CASAL DO MURO Y O)	6.598,00	31.480,80	2.004,15	40.082,95
	02.2100.0155.0.	PAV. A V/IA (PISTA IGLESIA Y OTROS)	6.452,00	30.786,16	1.959,90	39.198,06
		TOTAL	38.786,00	185.070,88	11.781,95	235.638,83
40 LAXE	02.2100.0156.0.	CENTRO SOCIAL MPAL. EN TRABA	18.591,00	78.032,59	16.325,39	112.948,98
	02.2100.0157.0.	PLZ. Y ACCESOS C/CANTON DA VILA	10.115,00	42.454,70	8.882,11	61.451,81
		TOTAL	28.706,00	120.487,29	25.207,50	174.400,79
41 LARACHA	02.2100.0158.0.	PAV. CM. TORAS, LENDO Y O.	9.205,00	37.877,80	8.840,59	55.923,39
	02.2100.0159.0.	PAV. CM. SOUTULLO, SOANDRES.	8.721,00	35.887,29	8.374,83	52.983,12
	02.2100.0160.0.	PAV. CM. LESTON Y MONTEMAIOR	9.558,00	39.332,02	9.177,71	58.067,73
	02.2100.0161.0.	PAV. CM. CAIÓN Y VILA/O	8.820,00	36.295,39	8.467,98	53.583,37
	02.2100.0162.0.	AB. SAN. Y BOMBEO CANCELO	9.892,00	40.709,82	9.497,09	60.098,91
		TOTAL	46.196,00	190.102,32	44.358,20	280.656,52
42 LOUSAME	02.2100.0163.0.	SAN. EN ABELENDO Y MERELLE	9.125,00	43.538,33	2.771,75	55.435,08
	02.2100.0164.0.	PAV. ACC. ALDEAGRANDE Y OTROS	6.980,00	33.307,98	2.120,42	42.408,40
	02.2100.0165.0.	PAV. ESCABIA-ZARAMGOS Y OTROS	7.055,00	33.664,91	2.143,15	42.863,06
	02.2100.0166.0.	PAV. SAN XUSTO-MADEIRO Y OTRO	8.106,00	38.679,76	2.462,41	49.248,17
		TOTAL	31.266,00	149.190,98	9.497,73	189.954,71
43 MALPICA	02.2100.0167.0.	ACONDICIONAMIENTO CL. AS NEVES	12.360,00	55.386,11	7.346,77	75.092,88
	02.2100.0168.0.	ACERAS BU/O-CANTALARRANA 2-F	4.113,00	18.432,15	2.444,93	24.990,08
		TOTAL	16.473,00	73.818,26	9.791,70	100.082,96

44 MAÑÓN	02.2100.0169.0.	ACERAS VILA DE BARES A PUERTO...	8.315,00	39.673,47	2.525,71	50.514,18
	02.2100.0170.0.	PAV. CMNO. MOGOR Y OTROS	9.494,00	45.299,82	2.883,89	57.677,71
	02.2100.0171.0.	PAV. CMNO.S.MARTI/O-PENAVIDE Y ..	8.759,00	41.791,95	2.660,58	53.211,53
	02.2100.0172.0.	PAV. CARRANCO PENABLANCA Y O.	8.193,00	39.095,00	2.488,84	49.776,84
		TOTAL	34.761,00	165.860,24	10.559,02	211.180,26
45 MAZARICOS	02.2100.0173.0.	CMNOS. PRRQ. COIRO Y CHACIN	6.922,00	33.026,08	2.102,53	42.050,61
	02.2100.0174.0.	CMNOS. PRRQ. MAZARICOS,CORZON	9.587,00	45.747,12	2.912,32	58.246,44
	02.2100.0175.0.	CMNOS. PRRQ. EIRON Y CORZON	9.549,00	45.562,57	2.900,61	58.012,18
	02.2100.0176.0.	AFIRM. ENXILDE, GUEIMA,OUTEIRO	9.708,00	46.321,72	2.948,93	58.978,65
	02.2100.0177.0.	AFIRM.SUEVOS, LAMASAPIN Y OTRO	9.831,00	46.907,95	2.986,26	59.725,21
	02.2100.0178.0.	ALC.EN GUEIMA,ABELEIROAS Y OTR.	9.158,00	43.696,29	2.781,81	55.636,10
	TOTAL	54.755,00	261.261,73	16.632,46	332.649,19	
46 MELIDE	02.2100.0179.0.	PAVIMENTACIÓN CAMINO EN PETOS	5.057,00	24.128,77	1.536,10	30.721,87
	02.2100.0180.0.	PAVIMENTACIÓN PISTA MARTAGO/A	4.889,00	23.325,96	1.485,10	29.700,06
	02.2100.0181.0.	PAV.PISTA DO RIBEIRO, EIREXE Y OTR.	5.210,00	24.859,70	1.582,65	31.652,35
	02.2100.0182.0.	PAV. C/ANTONIO PRADO, ROSALEDA.	4.763,00	22.727,33	1.446,86	28.937,19
	02.2100.0183.0.	REHAB. CASA CONSISTORIAL	7.366,00	35.148,44	2.237,61	44.752,05
	02.2100.0184.0.	ACOND.MOBILIARIO BIBLIOTECA MPAL.	4.947,00	23.602,74	1.502,62	30.052,36
	02.2100.0185.0.	CONSERVACIÓN EDIFICIO MULTIUSOS	5.680,00	27.101,87	1.725,37	34.507,24
	02.2100.0186.0.	ADAPT. EDIFICIO A CONSERVATORIO	5.302,00	25.298,06	1.610,54	32.210,60
	02.2100.0187.0.	DOT.MOBILIARIO AREA RECREATIVA	6.044,00	28.838,29	1.835,92	36.718,21
	TOTAL	49.258,00	235.031,16	14.962,77	299.251,93	
47 MESIA	02.2100.0188.0.	AF. R.V. BASCOI, MESIA Y O.	25.066,00	119.151,34	8.064,00	152.281,34
	02.2100.0189.0.	PARQUE RURAL EN CASTRO	11.316,00	53.995,77	3.437,46	68.749,23
		TOTAL	36.382,00	173.147,11	11.501,46	221.030,57
48 MIÑO	02.2100.0190.0.	ASF. CM. PERBES-BEMANTES Y O.	20.388,00	97.284,54	6.193,29	123.865,83
	02.2100.0191.0.	AL. PUBL. BA/OBRE, CM. VALI/O Y O.	5.234,00	23.702,42	2.862,48	31.798,90
		TOTAL	25.622,00	120.986,96	9.055,77	155.664,73
49 MOECHE	02.2100.0192.0.	PAV. CM. LAVADERO-PENASLABAS	6.361,00	30.351,75	1.932,25	38.645,00
	02.2100.0193.0.	PAV. CM. XORDO-CABANELA	7.449,00	35.545,72	2.262,88	45.257,60
	02.2100.0194.0.	PAV. CM. ALDEGUNDIS Y O.	6.931,00	33.070,22	2.105,33	42.106,55
	02.2100.0195.0.	AL. PUBL. TRV. SAN RAMON	10.309,00	49.188,07	3.131,43	62.628,50
		TOTAL	31.050,00	148.155,76	9.431,89	188.637,65
50 MONFERO	02.2100.0196.0.	PAV.CLS.VALLE Y ALTO GESTOSO	8.240,00	39.315,30	2.502,91	50.058,21
	02.2100.0197.0.	PAV.CLS.VALLE GEST.-CMNO. ROCHA	5.127,00	24.461,54	1.557,29	31.145,83
	02.2100.0198.0.	ACR. PONTEDAPEDRA-POTOCOBO (I)	11.927,00	56.909,57	3.622,98	72.459,55
	02.2100.0199.0.	ACERAS AS TRAVESAS-SAN FELIX	10.619,00	50.671,97	3.225,84	64.516,81
	02.2100.0200.0.	PAV.S.FELIX, CMNO. MUI/O VELLO Y O	9.186,00	43.832,23	2.790,43	55.808,66
	02.2100.0201.0.	PAV.S.FELIX CMNO. GOTES Y OTROS	8.610,00	41.081,72	2.615,36	52.307,08
	02.2100.0202.0.	PAV. CALLES VILACHA Y SAN FELIX	5.389,00	25.711,77	1.636,88	32.737,65
	TOTAL	59.098,00	281.984,10	17.951,69	359.033,79	
51 MUGARDOS	02.2100.0203.0.	ALUMB.PUBL.CMNO. CASAL, TORRE...	4.947,00	18.087,46	7.019,48	30.053,94
		TOTAL	4.947,00	18.087,46	7.019,48	30.053,94
52 MUXIA	02.2100.0204.0.	SAN. Y DEPURACION EN MEREXO	23.088,00	110.163,93	7.013,26	140.265,19
	02.2100.0205.0.	RED SANEAMIENTO EN SENANDE	17.654,00	84.236,43	5.362,66	107.253,09
Vou ó segundo punto, que ademais é unha cousa, que a nosoutros chámamos poderosamente a atención. No listado de obras complementarias que figura, que é un listado que ademais non está priorizado, porque nosoutros o que vemos é que hai unha relación por concellos, que é unha relación do primeiro ó último, e que se di que efectivamente estes concellos ou estas obras iríanse incorporando na medida en que tiveran solucionado -só faltaría, claro-, que tiveran solucionado os problemas de dispoñibilidade de terreos, acreditación de que están cumpridos tódolos trámites no eido técnico, etc., etc. A gran dúbida a que me refería eu é a seguinte: no listado de obras complementarias que figura para o ano 2002, hai moitas obras complementarias que xa figuraban para o ano 2001. Se é certo que a razón de que ó final as que figuraban para o ano 2001 non se executaran é que aínda non acreditaron o cumprimento de tódolos requisitos que se lles pedían, nosoutros a gran pregunta que nos facemos é: ¿como é posible que un concello que hai un ano tramita unha obra de calquera tipo, de saneamento, do que sexa, hai un ano, que non se lle inclúe porque non está tramitado toda a dispoñibilidade de terreos, e que no día de hoxe siga figurando no mesmo epígrafe, é dicir, que durante un ano non fixera as xestións para acreditar a dispoñibilidade de terreos, etc., etc?. ¿Por que estou a dicir todo isto? Porque claro, a relación de obras complementarias que se presenta aquí tampouco ten ningún criterio, hai unha ordenación dos concellos, do primeiro ó último como dixen antes, hai unha ordenación alfabética, pero que non é unha ordenación por orde de prioridades, entón parece que se entendería que, ben, un pode discrepar ou non de que se aprobe a relación inicial, pero a relación complementaria tería que ir acompañada da aplicación dun requisito determinado. Entón, nosoutros dicimos: ben, das que veñen aquí do listado complementario, xa sabemos o que di o papel, ¿pero cales van ser despois as que se van facer, as que cumpran, as que non cumpran, as que teñan a dispoñibilidade de terreos, etc., etc.?

(Entra o Sr. González Garcés).

E digo, xa a modo de remate, de conclusión sobre a nosa intervención, que é unha pena que existindo por parte do grupo socialista, como se acaba de demandar hai pouco, sobre todo por parte do grupo popular, como se acaba de acreditar de que está nesa disposición, e non hai ningunha dúbida por parte do grupo do Bloque Nacionalista Galego desa disposición ó consenso, que non o esteamos aplicando, porque a fin de contas o que están dicindo vostedes hoxe aquí xa o dixemos nosoutros hai un ano, indicando que nun plan

de tanta contía económica, coma o Plan operativo local, non se estaba facendo aplicación de ningún tipo de indicador, de ningún, non é que discrepemos de que sexa mellor a dispersión da poboación fronte á parroquia; é que non hai ningún tipo. E eu non quero extraer máis conclusión ca esa. Estou dicindo que non hai ningún tipo de indicador, ningún tipo de criterio. Máis nada que estou dicindo iso. E cadaquén que tire as súas propias conclusións.

Polo tanto, oxalá sexa esta a derradeira vez que teñamos que debater este tema, porque conseguiremos dúas cousas: a primeira delas, chegar a un acordo sobre un tema tan importante, porque é o corazón da actuación desta deputación; e a segunda, que tamén ás veces é importante, que é acabar antes os plenos ¿non? Pero ben, nosoutros apuntámonos a dar o debate sobre a primeira para conseguir a segunda, porque é condición *sine qua non*, acabamos antes e debatemos menos se antes estamos de acordo, senón, é imposible que as cousas teñan que vir aquí para debate.

Polo tanto, a nosa posición vai ser de abstención, porque, resumindo nesa frase lapidaria: “están algunhas pero poderían estar outras”, e polo tanto, nosoutros á hora de tomar unha decisión non podemos tomar unha decisión tan ambigua, temos que pór as que máis urxentes sexan, que naturalmente tería que ser un proceso precedido da aplicación de criterios, que hoxe non se está facendo. Xa digo que reitero a nosa posición de abstención neste punto.

Sr. Fernández Moreda

O noso voto neste punto vai ser favorable. E explico: cando se confecciona o programa de obras que se pode incluír no Programa operativo local, por parte da deputación requírese a tódolos concellos da provincia que presenten obras para incorporar neste Plan operativo local sen ningún tipo de limitación, e fixando os eixes prioritarios. Entendo que tódolos concellos que quixeron presentaron os proxectos que consideraron máis necesarios para os seus concellos, polo tanto entendo que tódolos proxectos que están aquí son necesarios para o desenvolvemento da calidade de vida e do benestar das infraestructuras dos concellos da provincia. No ano 2000 é certo que non se aprobou ningunha obra de concellos porque os concellos non tiveron o tempo necesario para presentar eses proxectos. É certo que votamos a favor do Plan operativo local na anualidade do ano 2001, e votamos a favor dun plan complementario, e pedimos, nese pleno onde aprobamos o Plan operativo 2001, pedímoslle ó presidente que cumprise ó cen por cento -foi unha demanda do grupo socialista-, ese plan complementario que de forma indicativa se acompaña á aprobación definitiva do Plan 2001.

Eu moitas veces critiquei ó goberno por actuacións que consideraba incorrectas, ou por actuacións que consideraba que se podían mellorar. E temos o defecto, e eu creo que ás veces deberíamos de cambiar as formas de actuar, de que temos que criticar cando

consideramos que as cousas se fan mal, ou se poden facer doutra forma, ou deberían de facerse outras cousas, e tamén debemos de dicir que as cousas están ben cando consideramos que están ben. Polo tanto, nosoutros consideramos que este Plan operativo que se nos somete a consideración, está ben; está cumprindo o presidente e o equipo de goberno co compromiso que adquirira aquí, no pleno onde se aprobou o plan do ano 2001, e sei que se van aprobar tódalas obras que teñen toda a documentación completa, que o expediente administrativo está completo.

Polo tanto, Sr. presidente, nosoutros imos votar que si e dicímoslle: está vostede cumprindo coa palabra que deu aquí ó pleno de tratar, de tódalas formas posibles, de que esas obras que se aproban como complementarias, e que se poñían como indicativas, esas obras, esas obras materialícense e fáganse á medida que os concellos van completando a documentación. Sei que hai demoras en completar esta documentación, que non son imputables nin a esta corporación nin ós concellos que a solicitan, son obras ou documentación que están pendentes de informes doutras Administracións, ás que deberíamos, desde a deputación e desde os concellos, requirir para que informen coa celeridade necesaria, e sei que o compromiso adquirido naquel momento se mantén e vaise tratar por tódolos medios de que esas obras complementarias, que son reitero e repito, as que solicitaron os concellos, sen ningunha limitación de ningún tipo, simplemente a este plan, estes son os eixos onde podemos actuar, díganos vostedes as necesidades que teñen, a deputación neste caso eu creo que está actuando ben e está cumprindo, como dicía antes, co compromiso adquirido polo presidente diante deste pleno, hai non sei exactamente cántos plenos, pero foi para a aprobación do Plan 2001.

Sr. Varela Rey

Para manifestar que este Plan operativo local é moi importante para a provincia, que marca os obxectivos no tocante ó financiamento da propia Comunidade Europea, que está dirixido a saneamentos, abastecementos de auga, e tamén incluso a rede viaria, que a primeira parte que se propuxo a este pleno foi tratar de mellorar a rede viaria, dada a premura que había naquel momento de proxectos, que impediría que os concellos puideran facer a súa propia programación, entón entendeuse como criterio con carácter global que o investimento que se fixera na rede viaria local afectaba a tódolos concellos, e a partir de aí houbo unhas reunións presididas polo propio presidente, valla a redundancia, da Deputación provincial con tódolos alcaldes de tódolos concellos, onde se marcaron primeiramente para información de tódolos concellos cales ían ser as liñas prioritarias de actuación. Efectivamente non houbo un carácter ríxido no senso de sinalar o que poida ter cada concello, pero si houbo uns indicadores por parte da Presidencia da deputación, uns indicadores que podían estar arriba ou abaixo do que podería ser xustamente un plan de obras e servizos, e onde se recomendaba que un pouco fose nesa liña, pero tamén permitiu este plan que houbera unha certa flexibilidade que diante dun proxecto global que necesitara

un pouco máis de axuda para algún concello que tamén a puidera manter. Este foi un criterio, eu creo que máis aberto, polo tanto, para o tipo de obras que se están acometendo.

Por outro lado, direi que a primeira relación que se presenta no ano 2001 e que se aproba foi daqueles concellos que tiñan toda a documentación en orde, que reunían tódolos requisitos, igual exactamente ca que se trae hoxe aquí para aprobar, e polo tanto a partir de aí o que se pretende é seguir esta mesma liña, é dicir, tódolos concellos que van tendo a documentación en orde para a súa aprobación é a que se vén proponendo. Polo tanto entendemos que se está dando a oportunidade a tódolos concellos para que soliciten con cargo, loxicamente, a estes fondos do Plan operativo local, para acollerse a eles.

Sr. Rodríguez Doval

Unha precisión, simplemente no ánimo de falar dun tema que pensamos nosoutros que é importante ¿non? Non vou a recorrer aquí outra vez ó famoso debate sobre se se programa ou se planifica, o debate que temos de se programamos planificando ou planificamos programando; non o sei; pero si sei que a esta deputación lle corresponde un papel racionalizador dos recursos públicos, se non existira ese papel racionalizador posiblemente a función desta deputación, desde o seu presidente ó resto dos que estamos aquí sería pór o oído, que nos viñeran os alcaldes da provincia, e seguramente que a todos e a todas lles diríamos que coincidimos ó cen por cento das demandas que teñen, e seguramente non chegaría toda a planificación desta deputación nun século para satisfacer as necesidades que teñen. Naturalmente, fronte a iso o carácter de programar ou de planificar ten outra virtude, que como intenta fornecer criterios obxectivos para que as cousas se fagan, non do día para a noite, pero dunha maneira ordenada, é a única forma que sabemos nosoutros que existe de resolver. Se o Plan operativo local é a suma das cousas que piden os concellos, aquí faltan moitísimas cousas; se fora así, esta deputación finiquitaba e acabábase a problemática dos concellos; non é así. Isto nace mal de raíz, porque houbo concellos -eu xa o dixen aquí o ano pasado-, houbo concellos que sabían unha orientación do que se lles ía dar e traballaron sobre iso. ¿Acaso alguén pode pensar que as cifras que veñen aquí son o resultado da aplicación dalgún criterio?, pero ¿a quen lle saen as cantidades no Plan de obras e servicios que lle pon aquí a algún concello? A ningún. E voulle dar un caso gráfico, completamente, que é polo que a nosoutros non nos gusta o resultado final, porque o resultado final é o que vale, o resultado final é: ¿como queda a distribución do Plan operativo local para as necesidades da provincia?, pois por exemplo, nun caso concreto, miren vostedes: o Concello de Narón vai recibir no Plan operativo local unha obra por 95.108 euros, e o Concello do Pino vai recibir unha obra por 1.145.272 euros, ¿que lle aplicamos a un e a outro para que nos saia unha cantidade tan grande? ¿que pasa, que ó final resulta que o Concello de Narón máis nada que puxo iso? ¿acaso o Sr. alcalde de Narón louqueou, e sabendo que lle podían dar 2.000.000.000 de pesetas máis nada que puxo 95? Non; aquí fallou algo; ¿que é o que fallou? que o plan nace dunha maneira pouco racional

desde o principio e este resultado a nosoutros non nos gusta. E non temos nada en contra, neste caso concreto, do Concello de Pino, seguramente que ten moita necesidade destes 1.145.000 euros, seguro que ten moitísimas máis necesidades; o que si non cremos, proque o sabemos, é que o Concello de Narón máis nada que teña a necesidade dunha obra de 95.108 euros. Polo tanto, ese é o resultado final, e iso é do que estamos falando. Agora, se aquí partimos da hipótese de ser inxenuos e inxenuas todos e todas, de dicir: “non, o que pediron é iso e aí está”; non; sabemos que foi moito máis ca iso.

Polo tanto, ese é o resultado final, e iso é do que estamos falando. Agora, se aquí partimos da hipótese de ser inxenuos e inxenuas todos e todas, de dicir: “non, o que pediron é iso e aí está”; non; sabemos que foi moito máis ca iso.

Polo tanto, eu creo que hai que traballar noutra liña, a outra liña ten que ser que para a anualidade do ano 2003, que será ademais a última que aprobaremos nesta corporación, sexamos capaces de poñernos de acordo no que dicimos, teoricamente é que esteamos de acordo, e poñámonos de acordo na práctica. Agora, o resultado final que sae de todo isto, e eu animo ós compañeiros e compañeiras que o vexan non pode satisfacer a ninguén. E polo tanto, en algo nos equivocamos, porque nosoutros si que temos que cumprir esa función racionalizadora e priorizadora, fronte á necesidade que é moitísimo máis grande, como non se pode facer todo nun ano nin en dez, priorízase, e para priorizar hai que ter criterios, e como aquí non hai criterios, non se prioriza, cóllese unha listaxe e alá vai -e perdóeseme a expresión que ó mellor non é moi afortunada-. E ese é o debate que temos hoxe aquí, máis nada, non se está tratando aquí de facer un xuízo de valor, de se o presidente é bo, é malo, ou é regular; nosoutros estamos falando aquí dun plan, que é unha cousa contante e soante que se presenta hoxe aquí. E desde logo, se comparamos os resultados, ou a aplicación do senso común ó plan que se acaba de aprobar no punto nº 4 e nº 5, que é o Plan de obras e servicios e o Plan operativo local, isto é como do día á noite, é dicir, que no mesmo pleno facemos dúas cousas que son inversamente proporcionais, nunha aplícase a racionalidade, senso común e criterios, e noutra non. Iso é o que estamos dicindo nosoutros, máis nada, cadaquén que diga despois o que queira, porque aquí naturalmente, pódese debater de todo. Aí precisamos a nosa abstención, que é unha abstención que vai acompañada dunha petición tamén, que non se entenda que nos abstemos porque nos dá igual, claro que non nos dá igual, por iso intervimos e puidemos saír ás doce e vinte e saímos á unha menos cuarto, pero é a nosa función debater aquí e poñernos de acordo en facelo o mellor que poidamos.

E digo o que dixen no último pleno: aquí non estamos para acumular cifras nos acordos que tomamos; estamos para distribuír ben os fondos públicos, a época de sumar o que distribuimos xa pasou; estamos na época de demostrar que distribuimos ben. E iso é o que nosoutros queremos que se faga, que se distribúa ben.

Sr. Varela Rey

Cando o voceiro do BNG apunta dous exemplos concretos podemos fixarnos neles e direi que dos concellos distantes e distintos neste caso, onde teñen unha infraestructuras tamén distintas, e seguramente que xustamente ó mellor nestes casos se cumpre un dos principios fundamentais desta entidade, da deputación, que é o de ser regulador, o de ser equilibrador e mesmo o de propiciar que aquelas zonas que teñen máis dificultades de desenvolvemento, que teñen maior dificultade de infraestructuras se poidan apoiar en maior medida, hai concellos que ó mellor teñen máis posibilidades para exercer mesmo o seu propio financiamento, porque teñen máis recursos, e que hai outros que teñen máis dificultades. Por exemplo, eu creo que se entende tamén perfectamente o papel da deputación que pode xogar nestes sitios, de fixar un pouco o equilibrio, de fixar unha redistribución, e de apostar por unha situación de compensación, e polo tanto eu creo que mesmo está falando de dous concellos que xustamente poden estar nesta liña, un concello máis rural, menos dotado, con menos poboación, pero con bastantes quilómetros, e outro que é máis urbano, con máis tendencias, que seguramente que propicia outro tipo de axudas a través doutras Administracións que o concello rural non pode propiciar, e polo tanto seguramente que tamén se entende ben esta petición, esta formulación. Moitas gracias.

Sr. presidente

Insistindo un pouco no que dixo o Sr. Varela, eu creo, Sr. Doval, que a distribución está feita, e racionalmente, e falando de exemplos que puxo vostede, seguramente o concello de Narón non ten as mesmas necesidades, no abastecemento de auga, refriome, e en saneamento, como pode ter O Pino, o Concello do Pino seguramente nestes servicios pois está tristemente virxe, e non ten depuradoras, ou teñen malas fosas sépticas, ou vertendo directamente ós ríos, e polo tanto creo que deben de ter, á parte dun bo abastecemento de auga, unha boa rede de saneamento coas súas depuradoras.

Polo tanto, aquí non debe haber un baremo exacto ou proporcional como se fai no POS ou noutros plans, senón que hai que ver as necesidades de cada un dos concellos. Polo tanto, non se pode comparar o Concello de Narón, como quen di outro calquera, coas necesidades que poidan ter os concellos rurais en temas de abastecemento de auga e saneamento, porque seguramente a maior parte deles teñen abastecemento de auga deses pequenos aproveitamentos de manantiais, sen a depuración previa, etc., etc.

VOTACIÓN

Votan a favor: 25 deputados (15 do PP e 10 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

“Vistos os escritos remitidos polo Ministerio de Administracións Públicas relativos á elaboración do Programa operativo local obxectivo 1, anualidades 2000-2006, onde se conteñen as instrucións sobre súa elaboración así como o plan financeiro para os sete anos da súa vixencia.

Vista a proposta da Presidencia desta deputación tocante ás obras que se van incluír na anualidade 2002.

1.- Aprobar a anualidade 2002 do PROGRAMA OPERATIVO LOCAL 2000-2006, cofinanciado con fondos do Estado, FEDER, Deputación e concellos, do que as cifras globais de financiamento, desglosadas por axentes financiadores e medidas de actuación son as seguintes:

	Medida 5.3	Medida 3.1	Medida 3.3	TOTAL
ESTADO (MAP + FEDER MAP)	814.900,56	29.937	57.852,55	902.690,11
FEDER	4.129.119,81	140.550,11	313.396,69	4.583.066,61
DEPUTACIÓN	1.421.780,82	63.373,31	80.680,61	1.565.834,74
CONCELLO	335.042,19	12.308,44	23.785,78	371.136,41
TOTAL	6.700.843,38	246.168,86	475.715,63	7.422.727,87

A Deputación financiará as cantidades que lles correspondan ós concellos.

O importe total de 7.422.727,87 € a que ascende a anualidade 2002 do POL, financiaranse con cargo á partida 0501/519B/60145 do vixente orzamento provincial 2002.

2- Aprobar a relación de actuacións que se van incluír na anualidade 2002 do POL que é a que a continuación se indica, agrupada nas medidas nas que se estrutura o programa, e co detalle do seu financiamento entre os distintos axentes cofinanciadores. As obras comprendidas entre a 53 ata a 56 e da 61 ata a 67 corresponden á anualidade 2002 de obras plurianuais 2001-2002 incluídas no POL 2001, que foron adxudicadas no ano 2001 e que se inclúen polo seu orzamento de axudicación. Aprobar así mesmo ós correspondentes proxectos técnicos.

Medida 3.1

Código	Concello	Denominación	TOTAL	FEDER-MAP	FEDER	MAP	Deputación	Conc.
02.2300.0053.0	ARTEIXO	CONDUCC. CANDAME-GASOLINERA 2-A	60.409,42	4.775,22	34.490,76	2.571,27	15.551,7	3.020,47
02.2300.0054.0	OLEIROS	DEP. REG. AUGA EDREIRA-OLEIRO 2-A	77.325,77	6.112,41	44.149,15	3.291,3	19.906,62	3.866,29
02.2300.0081.0	OLEIROS	REDE ABAST. AUGA AVDA. CHE GUEVARA	108.433,67	8.571,42	61.910,2	4.615,38	27.914,99	5.421,68
TOTAL			246.168,86	19.459,05	140.550,11	10.477,95	63.373,31	12.308,44

Medida 3.3

Código	Concello	Denominación	TOTAL	FEDER-MAP	FEDER	MAP	Deputación	Conc.
02.2300.0055.0	ARTEIXO	SAN. CANZOBRE-STA. ICIA 2-A	36.971,39	3.372,12	24.356,38	1.124,03	6.270,29	1.848,57
02.2300.0056.0	RIBEIRA	CANLZ. RIO SAN. AVDA. ROSALIA 2-A	215.705,31	19.674,2	142.104,5	6.558,07	36.583,28	10.785,26
02.2300.0082.0	ARTEIXO	DOT. SERV. REDE SUMID.. PARROQUIA MORAS	127.930,15	11.668,35	84.279,1	3.889,45	21.696,74	6.396,51
02.2300.0083.0	NARON	SANEAMENTO DAS AGRAS	95.108,78	8.674,75	62.656,71	2.891,58	16.130,3	4.755,44
TOTAL			475.715,63	43.389,42	313.396,69	14.463,13	80.680,61	23.785,78

Medida 5.3

Código	Concello	Denominación	TOTAL	FEDER-MAP	FEDER	MAP	Deputación	Conc.
02.2300.0061.0	BERGONDO	SAN. ZONA GUISAMO TR-1 2-A	106.194,73	8.394,43	65.941,88	4.520,08	22.028,6	5.309,74
02.2300.0062.0	BETANZOS	DOT. COLECTORES E SAN. PLUV. 2A	174.643,92	13.805,17	108.445,57	7.433,56	36.227,42	8.732,2
02.2300.0063.0	MIÑO	SAN. PQ. CARANTONA E CALLOBRE 2A	307.885,47	24.337,6	191.182,23	13.104,86	63.866,5	15.394,28
02.2300.0064.0	NEDA	SAN. O COUTO E STA. MARIA 2-A	197.357,37	15.600,63	122.549,54	8.400,33	40.939	9.867,87
02.2300.0065.0	PONTECESO	ABAST. AUGA CORES-NINOS, OUTROS 2-A	179.079,89	14.155,83	111.200,09	7.622,37	37.147,61	8.953,99
02.2300.0066.0	RIANXO	SAN. PARROQUIA DE ARANO 2-A	446.380,33	35.285,27	277.180,96	18.999,77	92.595,31	22.319,02
02.2300.0067.0	SADA	EST. BOMBEO SAN. COSTA TEPE 2-A	63.559,92	5.024,26	39.467,69	2.705,37	13.184,6	3.178
02.2300.0068.0	ARZUA	EDIF. MULTIUSOS E MERCADO 2-F	591.305,94	50.336,78	363.576,28	21.572,91	126.254,67	29.565,3
02.2300.0069.0	BOIMORTO	AB. AUGA RODIEROS, CORNEDA E O.	193.223,17	16.448,73	118.807,13	7.049,46	41.256,69	9.661,16
02.2300.0070.0	BOQUEIXÓN	EDAR. SAN. LEDESMA	375.036,62	31.926,17	230.598,77	13.682,65	80.077,2	18.751,83
02.2300.0071.0	BRION	SAN. E ABAST. AUGA BRION	753.254,29	64.123,14	463.153,47	27.481,35	160.833,62	37.662,71
02.2300.0072.0	CULLEREDO	SANEAMENTO EN LIÑARES	615.493,71	52.395,84	378.448,62	22.455,36	131.419,2	30.774,69
02.2300.0073.0	CURTIS	CAPT. ETAP E REDE ABAST. TEIXEIRO	614.724,49	52.330,36	377.975,65	22.427,29	131.254,97	30.736,22
02.2300.0074.0	A LARACHA	SAN. ABAST. DEP. GABELLE-TORAS	129.072,94	10.987,74	79.363,08	4.709,03	27.559,44	6.453,65
02.2300.0075.0	A LARACHA	SAN. ABAST. DEP. A GRELA-LESTON	103.251,89	8.789,64	63.486,49	3.766,99	22.046,18	5.162,59
02.2300.0076.0	MOECHE	SUM. VEHIC. DE RECOLLIDA E LIMPEZA	138.352,98	11.777,73	85.069,1	5.047,6	29.540,9	6.917,65
02.2300.0077.0	MUGARDOS	ALCANT. A BAÑO-ROIBEIRAS	83.208,61	7.083,4	51.162,48	3.035,74	17.766,56	4.160,43
02.2300.0078.0	MUXIA	EDIF. SERV. MULTIPLES	894.581,03	76.154,03	550.051,04	32.637,44	191.009,47	44.729,05
02.2300.0079.0	PADERNE	ALC. SOUTO-VELOUZAS 2-F E O.	253.322,73	21.564,89	155.760,55	9.242,1	54.089,05	12.666,14
02.2300.0080.0	SOBRADO	ABAST. INTEGRAL DE AUGA POTABLE	480.913,35	40.939,26	295.699,19	17.545,4	102.683,83	24.045,67

TOTAL	6.700.843,38	561.460,9	4.129.119,81	253.439,66	1.421.780,82	335.042,19
--------------	--------------	-----------	--------------	------------	--------------	------------

3.- Aprobar o Plan complementario ó POL 2002 no que se inclúe a seguinte programación de investimentos con indicación do concello, denominación e orzamento que se financiarán cos remanentes que puideran producirse polas baixas de licitación ou anulacións de proxectos, de forma que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan os ditos remanentes.

Esta relación ten carácter de "Programación de actuacións que se han incluír no Plan complementario ó POL 2002", de forma que unha vez que estea correcta e completa toda a documentación administrativa e técnica, especialmente o proxecto técnico e a dispoñibilidade de terreos e autorizacións e concesións administrativas necesarias, polo Pleno da deputación prestarase aprobación ós correspondentes proxectos.

CONCELLO	DENOMINACIÓN DA OBRA	ORZAMENTO
ABEGONDO	SAN. LIMIÑÓN (RECOLLIDA E DEPURACION)	454.887,05
AMES	AMPL. RED SAN. E ABAST. BUCELEIRAS	335.226,93
ARANGA	SAN. REGO DAS CAMPOSAS-MUNIFERRAL	61.283,64
ARES	SAN. COMBARRO, PENEDO E SAN ROQUE	213.014,9
ARES	SAN. CHANTEIRO 1-2-3 FASES	686.233,11
ARES	CASETA SALVAMENTO E SOCORRISMO ARES	73.654,27
ARTEIXO	SAN. MONTEAGUDO	76.064,53
ARTEIXO	COLECTOR MOUCHO-VILARRODIS	83.963,5
ARTEIXO	REDE RESIDUAIS ARMENTON FASE 2	61.240,69
BAÑA, A	RED SAN. Y PLUV. SAN VICENTE	404.552,61
BERGONDO	EDAR CONDUCC. E SAN. PETEIRO E O.	272.028,29
CEDEIRA	CAPT. PLUV. EDAR S. ANDRES TEIXIDO	66.680,94
CEDEIRA	SAN. REDE AUGA VENTOSA-PIÑEIRO	36.298,17
CEDEIRA	SAN. REDE AUGA POTABLE PIÑEIRO, OLMO E O.	94.607,73
CEDEIRA	SAN. ESPASANTE, NOVAL, ARBA E AREOSA	91.871,91
CEDEIRA	SAN. EN MOSENDE-PIÑEIRO E SANTALLAMAR	173.972,45
CESURAS	AMPL. AB. AUGA CESURAS 4-F	374.800,61
COIROS	SAN. E DE PURACIÓN COIROS	619.601,14
CORISTANCO	REDE ABAS. AUGA PARROQ. COUSO	114.192,3
CURTIS	REDE ABAST. E ETAP CURTIS	632.623,8
DUMBRIA	SAN. EZAR FASE 3	324.546,52
DUMBRIA	INST. EMISARIO SUBMARINO	246.088,98
FRADES	ABAST. INTEGRAL AUGA FRADES	1.207.003,52

MAÑÓN	SAN. E EDARESTRADA ESTACIÓN	69.677,8
MELIDE	SANEAMENTO EN MELIDE	779.494,74
MUGARDOS	ALC. ROIBIERAS-SIMOU	250.624,7
NEDA	COLECT. XRALES. SAN. ANCA-VILADONELLE E O.	311.324,27
ORDES	SAN. DOT. SERVICIOS RUA PASCUAL VEIGA E OTROS	372.736,74
ORTIGUEIRA	CAPT. DEP. DISTRIB. AUGA SAN ADRIAN	110.959,24
OUTES	AMPL. COLECTORES E SAN. INTEGRAL OUTES	510.007,63
PADRON	OBRAS COMPL. ENCLAVE FEIRAL PEMENTOS PADRON	123.668,78
PINO, O	ABAST. AUGA, EDARE COLECT. SECTOR I	1.145.272,57
PONTEDEUME	SAN. ANDRADE-VALDEVIÑATOS	685.300,16
PORTO DO SON	SAN. GOIANS, RIBASIEIRA, ETC..	95.744,97
PORTO DO SON	SAN. NEBRA A BARO/A	75.297,53
SADA	ABAST. E SAN. OSEDO E CASTELO	158.701,28
TORDOIA	ABAST. AUGA CASTENDA, BARDAOS E O.	1.113.839,63
TRAZO	REDE SUM. PUMAR-VILARRADEIRA-CERDEIRA E O.	74.733,71
TRAZO	SANEAMENTO EN MILLARADA	134.962,76
VAL DO DUBRA	NOVA CAPT. E DEP. AUGA POTABLE	223.380,1
VALDOVIÑO	MELLORA ABAST. E SAN. VALDOVIÑO	60.101,21
VALDOVIÑO	MELL. ABAST. E SAN. PORTA DO SAL	60.101,21
VALDOVIÑO	SAN. ZONA URBANA LAGUNA FROUXEIRA 2-F	124.565,36
VIMIANZO	CAPT. ALMAC. E DISTRB. AUGA CASTRELO E O.	689.089,81
VIMIANZO	URBZ. ARREDORES E APARCADOIRO CENTRO SAÚDE	143.249,04
	TOTAL	14.017.270,83

Este Plan complementario poderá ser modificado ou ampliado na forma e cos trámites establecidos no R.D. 1328/97 e orde do 7 de maio de 1998, coa finalidade de realizar unha óptima utilización da subvención do MAP e FEDER.

4.-Dispoñer súa publicación no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de que durante un prazo de dez días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas.

5.-Remitir o expediente a informe do subdelegado do Goberno en Galicia para os efectos establecidos no artg. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.

6.-Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde súa recepción.

7.-Remitir o expediente a informe da Xunta de Galicia da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida na Lei 5/97 de Administración Local de Galicia, debendo entenderse emitido favorablemente no prazo de 10 días desde a súa recepción.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. presidente

A Presidencia, consonte co falado cos voceiros dos distintos grupos desta cámara, presenta unha moción relacionada co pleno do vindeiro mes, que coincide coa Semana Santa, que di o seguinte:

“Que o pleno ordinario correspondente ó terceiro mes de 2002 se celebre o día cinco de abril, venres, a partir das doce horas, debido á coincidencia da data establecida inicialmente coa da Semana Santa.”

Procédese á votación da urxencia, que é aprobada por unanimidade. E por unanimidade, tamén é aprobada a moción.

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. presidente

Eu teño unha serie de preguntas aquí, pero que son para contestar por escrito, que enviarei inmediatamente ó terminar este pleno ás señoras deputadas, neste caso que fixeron as solicitudes, e creo que non hai ningunha máis que sexa para contestar por escrito, se houbera algunha pregunta ou algún rogo...

Sr. Rodríguez Doval

Son tres rogos ademais moi breves porque algún deles incluso é reiteración de algo que aquí xa se falou. En primeiro lugar, é un rogo ó Sr. presidente e especificamente ó presidente da Comisión de Vías e Obras para que se axilice a resolución definitiva que iría, naturalmente, relacionada coa sinatura definitiva dese convenio, e que ten que ver algo do que aquí xa se falou respecto á variante de acceso ó Polígono dos Airíos no Concello das Pontes. Xa se comentou aquí que había un acordo coa Xunta de Galicia, a última

información, mesmo hai un convenio que se pasou inicialmente a comisión, que despois non veu a pleno, segundo o presidente da comisión, Sr. Pose, indicóusenos que ese convenio se estaba mellorando, porque ademais se conseguira unha prórroga para esa actuación conxunta coas outras Administracións, pero a información que nosoutros temos, de hoxe mesmo, é que está correndo o tempo e entendemos nosoutros que, non existindo -todo o contrario, porque ademais aquí xa hai unha decisión adoptada desde o principio-, non existindo ningún problema, déranse os pasos para que se contemplara canto antes a sinatura definitiva dese convenio, que permita executar unha obra que ademais é cada día máis necesaria, porque este polígono cada vez ten máis utilización.

En segundo lugar, outro rogo que ten bastante que ver cunha petición que se fixo desde o Concello de Cedeira ó fío dun problema que existiu no seu momento, cando foron as inundacións, que foi un esvaramento de terreos na zona do Barral. Como ben sabe o Sr. presidente, e en todo caso eu aproveito para reiteralo aquí, o Senado fixo unha proposta, unha emenda concreta ós orzamentos do Estado, unha emenda que se contemplou na apertura dunha partida específica de 19.316.300 pesetas, para que a través de -me parece-, sería a través de protección civil, penso que sería a través dun mecanismo similar, o Estado puidera contribuír a que se fixeran as obras para evitar o corrento de terras que se empezou a producir coas inundacións. Segundo as nosas informacións, hai quince días que se produciu unha reunión entre o Sr. alcalde de Cedeira e o delegado provincial da Consellería de Política Territorial D. Jesús Almuña, e hai unha boa disposición por parte da Xunta de contribuír aquí, como nosoutros sabemos tamén que hai unha petición específica do Concello de Cedeira, o único que queremos é rogarlle que se busque algunha vía, que entendemos que pode habela, para complementar as actuacións, porque se estaba falando dunha cantidade, parécenos, de 40 millóns de pesetas, e temos que dicir ademais que o compromiso do Estado e o compromiso da Xunta tamén dependen de que haxa compromiso do concello, que o vai haber, e tamén dalgunha institución, que entendemos nosoutros, que este tema sería un tema que nosoutros aplicaríamos ó resultado das inundacións, das chuvias que houbo o ano pasado, pero que en calquera caso parécenos que si se pode buscar algunha vía para contribuír a que se faga esa actuación.

E finalmente queríamos tamén aproveitar para lle rogar ó Sr. presidente que axilizara ó máximo unha petición que hai, que entrou no Rexistro desta deputación o día 9 deste mes de febreiro, do Sr. presidente da Mancomunidade de Concellos da Ría para lle transmitir, segundo temos aquí unha copia do escrito, unha proposta no tocante ó que podería ser unha futura hipótese de colaboración da Deputación da Coruña na conversión do parque de bombeiros que hoxe pertence ó Concello de Ferrol nun parque de bombeiros de carácter mancomunado. Como queira que isto ademais xa é unha vía que esta deputación iniciou coa comarca de Santiago, sería interesante que ese contacto se producira, e polo tanto rogámoslle ó Sr. presidente que na medida en que a súa axenda así o permita, pois concretase a reunión canto antes. Máis nada. Moitas gracias.

Sr. presidente

Gracias a vostede polos seus rogos, Sr. deputado. Direille que nos tres puntos, no primeiro na variante das Pontes, dos Airíos, hai vontade desta deputación, así como da Xunta de Galicia de facelo canto antes, e polo tanto tomamos boa nota para acelerar ese convenio, que se peche e se realice esa variante canto antes.

O tema do Concello de Cedeira tomaremos as medidas, por suposto, para coordinar e colaborar coas distintas Administracións, neste caso co Estado, coa Xunta de Galicia, que parece ser que tamén está disposta, segundo dixo vostede, a través da Delegación provincial, e coa deputación e por suposto co Concello de Cedeira, para intentar paliar ese derrubamento de terras en Cedeira.

E no tocante ó último, pois por suposto que recibirei ó presidente da Ría de Ferrol para estudar o tema do parque comarcal desa zona.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as doce horas e cincuenta minutos, redactándose a presente acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario dou fe.